

textos que fixen por encarga

Índice:

- 1.- *Caza* [tema: Letras galegas 2003: Antón Avilés de Taramancos]
- 2.- *Esta é a historia que quero comerme...* [tema: Prestige. Texto que por azar quedou fóra da selección de *Sempre Mar*, de Burla Negra]
- 3.- *Ta Fantastika* [tema: Prestige. Texto que aparece no libro *Negra Sombra*]
- 4.- *made by homo sapiens* [tema: Prestige. Texto que aparece en *Alma de beiramar*]
- 5.- *20 de outubro* [para a exposición sobre mulleres de Afganistán da Asociación Alexandre Bóveda, 2001]
- 6.- *17 de setembro* [para o libro *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*]
- 7.- *Louise* [para o número da revista Salamandria dedicado ao pelo]
- 8.- *Postal I e II dende a refinería* [para o libro colectivo LUME]
- 9.- *Poema con lingua* [para o libro colectivo en alemán *Sprache ist alles...*]
- 10.- *Universos I e II* [para o libro colectivo *Que la fuerza te acompañe*, de El Gaviero]
- 11.- *Círculo* [para o número da revista Salamandria dedicado ao Círculo]
- 12.- *Lista de cousas que me prometín facer* [para unha homenaxe en Noia a María Mariño, 2003]
- 13.- *Mulleres de Ciudad Juárez* [para a exposición da Asoc. Alexandre Bóveda sobre os crimes de Ciudad Juárez]

cando un escribe aquí a palabra caza, entón todo muta

caza

esta é a historia do home que entrou por esta porta e quixo
 quedar para sempre
 acubillado no fondo da páxina, como un cazador da
 provincia de Harar de hai un millón de anos
 afiando as linguas para dicir só o necesario
 coa beleza afiada que comporta só o necesario
 esa beleza de adobe ou lanza ou algo que non se me ocorre

esta é a historia que eu sei
 e que el puxo na miña boca desde unha boca que foi a súa
 e que debo referir, anque da beleza eu non saiba máis ca
 unhas poucas frases feitas
 e que, como a historia de Ulises, ten a aventura e o mar
 por medio
 como un piano como un sancocho ou como algo que non se
 me ocorre

que fago aquí? escribe Rimbaud dende Harar

o home fica nesta páxina e o bisonte, no teito da cova
 forman parte dunha historia que non quere pórse fin
 el, o cazador que nas estrelas viu o percorrido da especie
 e deitou semente sobre a herba e a muller aleitouno
 todo isto sen saíren desta folla, que é como o lugar de
 Taramancos

e eu afío os coitelos tal e como el me aprendeu
 igual en Chachauí, que en Anserma
 que aló onde non se me ocorre

e o home que aquí entrou e aquí quixo vivir para sempre
 empuña a súa lanza dende o máis alto
 e lanza a súa lanza
 e alcanza o teu costado

e ti poste ferido, e poste postrado e poste
como algo que non se me ocorre

e o cazador, simplemente,
fica

contra a desmemoria, que invade

*esta é a historia que quero comerme
a trampa pola que quero que sigas lendo
porque preciso de ti ao meu lado, preciso de vós
unida a ti polas costas, unidos coma siameses
quero comerme esta historia por que non regrese ela a
comer de min
e que o único teatro negro no que poida eu meter as mans
sexa o de praga*

durante moitos versos que omito, choveu

*durante moitos versos que omito,
esta é a historia que quero comerme*

[intemperanza

Eu tiña unha grande historia que vos contar. Unha historia que revelaba un tempo e un lugar e alguén, creo que era un home, qué máis dá, ou unha muller, é igual, alguén que abría e pechaba portas, que dicía cousas e puña o oído como a un tambor no seu propio existir.

Que comerciaba coa vida e comerciaba coa morte, e puña o oído como ao ventre dun barco remoto no seu propio existir.

Non sei cómo empezaba a historia, nin cómo acababa. Só sei que era grande, que facía grande a quen a dicía, incluso a min, que non son grande contando historias. Era unha historia que falaba do onte ou do mañá. Non sei. Sei que era grande. Unha grande historia que se gravaría na cara interna dos brazos, aí onde a pel é máis delicada, aí, aí se gravaría. Ou na medula dos ósos. Ou na cana mesma do óso, aí, aí deixaría as súas marcas, no fémur, na derradeira vértebra do colo, no martelo do oído medio...

Era ben grande a historia que eu tiña.

Ben grande.

Pero esquecina toda, de cabo a rabo. E agora non sei qué fago aquí, con esta cara de parva, escribindo]

TA FANTASTIKA
teatro negro de praga

*no medio da escuridade nós soñabamos outra escuridade porque non
se nos ocorría outra cousa*
Italo Calvino

*"Chove cara arriba", admitiu o home colgado polos pés. Consignaron:
"Axústase á verdade"*
S.J. Lec

non sigas lendo. isto é unha trampa.

O principio desta forma de facer teatro baséase no engano óptico da chamada cámara negra...

*¿lembras? porque é esta unha forzada máquina que di
cousas*

...resultado da incapacidade do ollo humano para distinguir...

*sobre esta folla están agora os teus ollos, pero antes
estiveron os meus*

...unha silueta escura sobre un fondo da mesma non cor

*e tras de ti virán outros. e logo outros. e eles saberán qué
foi de todo isto*

un dos máis famosos en praga, Lanterna Máxica, foi presentado por vez primeira na expo 1958, bruxelas

*nós estaremos así no fondo e, superposta, a infamia, que
reloce con escamas de peixe*

naceu probablemente na china hai máis de 2000 anos

igual que alicia, non saber qué país é este

os actores, vestidos de escuro, moven obxectos no escenario sen seren vistos

*comermos a medula tóxica que nos vertebral as costas,
vivir drogados*

as cousas que se observan no escenario fanse todas coas mans

cómeme, bébeme. porque isto é unha trampa.
as cousas inertes pasan a ser axentes activos do argumento dramático...

cando parece que non di nada, en realidade si o di
...ao igual que os movementos, a música, os trucos mecánicos...

e nós estaremos así no fondo e, superposta, a infamia,
relucente coma a pez
...pero só no teatro negro esa trampa é marabilla

como siameses, unidos todos polas costas, e sen vernos
gracias a este traballo común, sen as barreiras do idioma...

e que só fique o noso sorriso de gato cun dente menos polo
que sae o aire
...Ta Fantastika converteu nun clásico...

pero palabra, ningunha
...dos teatros de medio mundo

palabra, ningunha
as funcións no Teatro Oriente serás ás 20:30 horas o venres...

palabra, ningunha
...entradas de 20.000 pesos para a platea...

sorriso. falta un dente

made by homo sapiens

unha nova entrega do Teatro Negro de Praga con sorprendente final en
prosa para ti

vén, quero invitarte

tras a revolución de veludo emerxeron Ta Fantastika e Pan Optikum...

na miña adolescencia, cando escribía cousas como
interpretando sí existo, eu non coñecía o teatro negro de
praga

...cativando á súa audiencia con todos os elementos posibles:

a vida segue sendo enorme, unha campá que dá e dá e dá
son, luz, música, mimo, baile, color

agora estou no centro desa campá e ti estás comigo

made by homo sapiens, por exemplo, penetra no noso máis profundo anhelo...

e agora estou no centro desa campá e ti estás comigo

...dun planeta limpo e de abundancia

porque agora estou no centro desa campá

unha adaptación das loucas aventuras do barón Munchhausen...

e ti estás comigo

...desfacéndose da autoridade

ha de ser que quero que saibas que, de todas aquelas
viaxes - a dorsal atlántica coa que hoxe respiro, a area que
comín, as algas do meu pelo e a infamia, que tanto relucía
no poema primeiro-

a miña intemperanza rapinou para ti unha grande historia
unha historia que di así:

[intemperanza

*Eu tiña unha grande historia que vos contar. Unha historia
que revelaba un tempo e un lugar e alguén, creo que era
un home, qué máis dá, ou unha muller, é igual, alguén que*

abría e pechaba portas, que dicía cousas e escoitaba con máis ou menos paciencia o seu propio existir.

Non sei cómo empezaba a historia, nin cómo acababa. Só sei que era grande, que facía grande a quen a dicía, incluso a min, que non son grande contando historias. Era unha historia que falaba do onte ou do mañá. Non sei. Sei que era grande. Unha grande historia que se gravaría na cara interna dos brazos, aí onde a pel é máis delicada, aí, aí se gravaría. Ou na medula dos ósos. Ou na cana mesma do óso, aí, aí deixaría as súas marcas, no fémur, na derradeira vértebra do colo, no martelo do oído medio...

Era ben grande a historia que eu tiña.

Ben grande.

Pero esquecina toda, de cabo a rabo. E agora non sei qué fago aquí, con esta cara de parva, escribindo]

(* os textos en letra reducida pertencen, máis ou menos, ao folleto informativo do Teatro Negro Ta Fantistika&Pan Optikum na súa visita a Coruña hai varios anos)

sábado, 20 de outubro

o sol sae ás 6:23 horas

*nos contos a fermosa sempre é unha princesa disfrazada
que recobra a súa forma cando se pón o sol*

unha estalactita está a piques de alcanzar unha estalagmita
o núcleo do sol supera os 15 millóns de graos centígrados
un neno aprende a debuxar o "o"

expira un escaravello, nace unha leoa

a terra está formada por numerosas placas cuxas marxes
están activas

agroma un trevo de catro follas nun bosque de Catai

*nos contos a fermosa sempre é unha princesa disfrazada
que recobra a súa forma cando se pón o sol*

alguén fuma e se veste e asubía Under my skin

a australopithecus Lucy séntese hoxe un pouco deprimida
nos abismos as algas se fornecen de pigmentos específicos
para realizar a fotosíntese

xorde a arte figurativa

alguén destrúe algo

alguén reconstruírao máis tarde

premian unha película de baixo presuposto

*nos contos a fermosa sempre é unha princesa disfrazada
que recobra a súa forma cando se pón o sol*

por un patio soa *La mer*

Aladino verte aceite nunha lámpada de latón

a estrela Izar, na constelación de Bootes (O Boieiro)

extingue

un golpe de vento desenterra unha osatura de mamute

alguén chama por teléfono cando ti non estás

a moa do emperador Carlos vai hoxe máis rabuda ca nunca

unha forte borrasca con fronte fría en Ucraína

crece o lapislázuli baixo os seus pés

un home descoñecido di "é hora de ir acendendo a luz"

os cans proveñen dos lobos

*nos contos a fermosa sempre é unha princesa disfrazada
que recobra a súa forma cando se pón o sol*

a muralla china visible dende o *cráter Gassendi* e o *lacus somniorum*

quen esqueceu comprar o té?

hai outros mundos, pero están neste

hoxe o ministro non se pronunciará ao respecto

o solponse

o solponse agora

mércores, 17 de setembro

o sol sae ás 8:21

nas películas, todo acontece máis de prisa

nas películas, nada acontece tan de prisa

aquí, sobre esta pedra, hai un lugar

aquí, baixo esta pedra, hai un lugar

isto que escribo é a gran falla de San Andrés

isto que escribo é a grande Xericó

unha estalactita está a piques de alcanzar a unha
estalagmita

unha actriz está a piques de bicar a unha actriz

porque mil anos son aos teus ollos coma o día de onte, que
pasou

coma o día de mañá, que non pasou

escribo todo isto, obediente, pero en realidade imaxino a un
home moi novo que chega portando a súa vida e unha
pedra na man. Con esa pedra golpea a súa cabeza unha e
outra vez ata que o sangue se lle reseca no borde do
tempo. Eu tiña medo, pero non facía falla o medo. Nas
películas todo acontece máis de prisa. Nas películas todo
acontece a cámara lenta.

Ese home novo cae enriba do que dirán de seguido.

Está caendo. Cae.

Alí, sobre esa pedra.

Alí, baixo esa pedra.

O sol ponse.

O sol ponse agora

Louise

O que hai debaixo do pelo de Louise Brooks é fascinante,
non credes?

encantaríame tocarte

Ese candor astronauta dos que xa non existen e tiveron a
fama suxeita polas solapas
eu cumpría 20 anos, meu irmán dixo: toma
era Louise Brooks

*tanto acadar a túa gracia ignorante
como meterche a lingua por debaixo deste texto*

entramos neste século chamando ás cousas por outro nome
só sabemos imitar o teu pelo adolescente

Louise Brooks
Louise Brooks,

a túa cabeza soa nun espacio moi cheo de nada
faime dicir isto
a bágoas tan finas,
tan finas, Louise, como para raparte ao cero i empezar
unha conta longa indómita
cos meus cabelos orientados carnivoramente ao infinito

"SUBSTANCIA PIROTÉCNICA: É unha substancia ou mestura de substancias destinada a producir un efecto calorífico, luminoso, sonoro, gasoso ou fumíxeno, ou unha combinación de tales efectos a consecuencia de reaccións químicas exotérmicas autosostidas non detonantes "

Non sigas lendo.

Isto é unha trampa.

Todo o que se escribe é trampa, porque nos propicia a ilusión de permanencia. Sen embargo, este papel que les agora mesmo podería empezar a arder. E todos os soportes nos que se rexistrou este texto, simultaneamente. Empezar a arder. Podería acontecer iso.

Sei que iso te sorprendería. Disque no universo físico poderían suceder moitas cousas sorprendentes:

Que comezases a levitar agora mesmo

Que o ceo se abatese sobre os tiranos vitalicios

Que un mago sacase unha pomba negra dunha chistera branca

Só que a probabilidade é de 1 entre un millón. Pero *quen sabe*.

Hai moitas cousas que empezan con labaradas ou pequenas explosións:

Un paseo en coche
As festas do San Xoán
Blade runner
Os xogos olímpicos

A criatura de Frankenstein
O número circense do tragalumes
Unha visita ao Inferno
O amor
Unha canteira
O aninovo
Unha espada
Un peixe ao forno
Unha conversa cun dragón
Unha anana branca do espacio sideral
A cidade cincenta de Pompeia
A transformación de Pinoccio en neno real
Nagasaki hoxe
A apocalipse
Os ciumes
O Big Bang
O lanzamento dunha nave
O todo
A nada
Unha sopa quente con fideos de mamá

"O fogar estaba no centro da casa... para cada membro da familia era coma o embigo da terra... ao seu redor reunían todos para compartiren o xantar e a calor do lume. Era o lugar de honor reservado para o hóspede ou visitante ocasional".

O lume non é humano. Pero fíxonos homes. Para estar neste mundo cómpre pasar polo lume: cauterizar unha ferida, saltar nove veces unha lumieira, ver a salamántiga, cociñar, experimentar o terror animal perante un incendio, visitar aos bombeiros cando se teñen nove anos e choutar na cama elástica de salvamento, enredar coas pastillas de acendido, dicir o esconxuro da Queimada, martirizarse nunha barbacoa, visitar refinerías de noite, prender un misto no escuro...

"No Paleolítico superior, en Moravia (Chequia) utilizouse como combustible a medula que penduraba dos ósos esnaquizados de grandes animais, coma o mamut"

Postal desde a Refinería (I)

Aquí se vive a principios do milenio III, no ano 2005 tras de Cristo.

Esta é unha cidade de provincias violentada polo vento. O vento volve tolos aos homes. Esta é unha cidade de provincias onde se veste ben, unha cidade de provincias *cinto negro* en refinamento de petróleos.

Nesta época os humanos entretemos facendo prognósticos. Falamos moito do futuro. Nas casas hai auga corrente. Temos plantas e froitas artificiais. Os pirómanos son perseguidos pola xustiza. Michael Jackson é o primeiro mutante voluntario. A lúa ten ciclos de 28 días. A xestación da muller alcanza as 40 semanas. Os libros arden a 451 ° Fahrenheit. As pínegas invaden os carreiros do monte Xalo. As pínegas disque viven no lume.

A pupila dilátasenos cando escoitamos certa música, cando saboreamos certos alimentos, durante a excitación sexual.

Somos escravos das nosas células sexuais. Escravos con anel de amos. O sexo non é centro. É circunferencia.

No centro estamos nós, cos cranios pelados, sen sexo.

Facemos o amor coa lentitude dos astros. Non existe varón. Non existe muller. Non distinguimos nada. Só avermellamos os centros do pracer con certa inocencia ardente.

A carón dunha Refinería sucede a mellor pornografía. A espectral. A uránica. A que non é deste mundo.

Postal desde a Refinería (II)

Escribo estas letras *i espero que ao recibo da presente te atopas ben* dende unha cidade calquera con vento, con augas, con oleoductos. Con xente que merca zapatos e conduce automóbiles brillantes con cagadas de gaivota.

Penso moito *neles*. Ás veces eu síntome unha deles. Ás veces eu non me sinto unha deles.

Acaban de empezar un novo milenio. Iso aféctalles moito porque son seres sensibles á luz e ás cábalas numéricas.

De súpeto fálase moito do Xapón. Dos emperadores chineses. A tinta vén de China. A imprenta vén de China. A microelectrónica, de Xapón. O *anime*, de Xapón. Todos os soportes da transmisión e propaganda cultural semellan de fabricación oriental. Moita xente, confundida, pásase ao budismo.

Ou escribe haikus intolerables nas portas dos retretes.

Nesta época o gran contador de historias é un Proxector nunha Sala Escura. A Realidade é unha tira máis ou menos longa, de cor acastañada e duns 35 mm de ancho.

Aman certa épica, certas artes marciais, certos códigos de honor... porque perderon o rastro, as pegadas da especie.

Non saben fabricar lume. Carecen do suspense, paciencia, intriga, astucia necesarios. Non teñen o cerebro toco e incrivelmente ben amoblado do *homo erectus*. Gastan chisqueiros baratos e con debuxos pop.

Eles son nós: cyborgs sen experiencia. A nosa memoria son implantes comúns a toda a especie.

E logo está a arte. Un embrión que sempre se xesta noutra parte. Que todos queremos para nós porque nos fai crer grandiosos, épicos, fillos dalgunha civilización perdida, pais dalgunha saga galáctica.

E logo está este obxecto, este libro, esta páxina, esta frase,
a túa man, o teu brazo [quen es?], o teu ombro, o teu colo,
o teu queixo, os labios teus, a lingua túa [quen es?] i eu
aproximo o meu peito, o colo meu, a miña lingua porque
dende nena devecín por bicarte, por bicar ao tragalumes do
circo xitano

a carón

da miña

refinería

En combustión,

estíbaliz...

poema con lingua

acabo de esquecer o meu idioma. Esquecino todo e non sei
cómo volver empezar.

Mirarei debaixo desta folla.
Mirarei enriba.
Mirarei dentro da miña boca.

E non saberei onde o puxen. O meu idioma.

Non saberei.

Se alguén colleuno, e levouno. Se nevou por riba del e hai
que agardar o desxeo. Se non vai volver xamais i eu non
vou ser quen de dicir máis nada no que me resta de vida.

Agardade: véñenme palabras soltas. *Maial, escarapote, uz.*
E logo *urki* i *emakume*. E *pau*. Acódenme como bichos,
pero eu non distingo as que algunha vez foron miñas. Todo
confúndese dentro.

Unha vez saín núa polas rúas. Ou soñoino.
Unha vez díxeno todo en todas as linguas. Ou tal vez non.

Para non ser como a actriz desatendida no escenario pola
súa mala memoria. Eu digo *ven comigo, erdu nirekin*. E
creo aproximar un cachiño de alento á miña lingua solitaria
no fondo da boca.

O meu idioma xa é outro.

UNIVERSO I

estás no principio dunha páxina en branco

Mesmo este cúmulo, o cúmulo de Virgem, é pequeno en relación aos grandes cúmulos de galáxias que podemos observar en outras partes do Universo. Nossa localização no Universo é portanto insignificante.

á túa esquerda, o planeta dos teus antepasados
á túa dereita, a estrela da morte

os teus ollos volven ser de nebulosa. Violentos
Hai unha cicatriz en ti onde se some outro universo posible
un universo pequeno, do tamaño dun cuarto escuro
no que se proxecta unha luz que fabrica a historia

por favor, chamando a todas as unidades, percíbense movementos nas inmediacións desta galaxia

Tes levado un peiteado absurdo, parido xemelgos, perdido
unha man

A épica é saber medir a grandeza diso que non son eu
Tes loitado tanto sen te mover
Engulido cosmos para chegar a este porto seguro. Co teu
traxe finés, o teu helmo negrísimo, a maquillaxe nipona. Os
cables do teu corpo tremen coma nervios humanos. Ti,
mediobesta, ti, emperador enfermo, ti, holograma...

...Mestre dunha saga de seres máis reais que o real...
apréndeme a perdurar así na memoria dos homes

UNIVERSO II

estás ao final dunha páxina

a escena es ti vendo o final dun film que fala de ti

suspendido sobre o extremo dun universo posible

alguén di “É hora de ir a casa” e as naves emerxen despois
de teren ardido

sospéitase consumo de estupefacientes coa fin de chegar
con vida

ao outro lado deste hiperespacio

ninguén sabe a ciencia certa que é ficción

ónde remata exactamente o lado luminoso da forza

qué di o guión agora mesmo, neste intre
no que extingue o meu universo

e reina o teu

o voso embigo
 a vosa boca coa que bicades bocas
 os vosos esconxuros contra *Santas Compañas*

traza un círculo no chan. Non mires

as vosas pompas de xabrón
 as vosas rodas para irdes de parte a parte
 a estrutura preferida das vosas historias
 os vosos iris

mírame con eles. Por favor

o voso planeta
 os vosos pezóns

a fin das vosas cadraturas matemáticas
 o voso cero
 as vosas bolas de adiviñar o futuro
 a planta dos vosos circos
 as vosas moedas

a traxectoria das vosas vidas
 os vosos melocotóns
 o voso sol

a vosa fertilidade

as vosas coroas

as vosas olas de patacas

os collares cos que atades chimpancés e mastíns

as vosas miras telescópicas de francotiradores

todas trazan un signo no aire
 impenetrábel
 esponxosamente

ileso

e vós, humanos,
dolidamente estirados coma rectas
para sempre non circulares

Lista de cousas que me prometín facer

Prometinme ser unha e prometinme ser dúas
estás dentro do meu texto, pero non dentro da miña vida

Prometinme ser o caber dun mundo, calquera, que non
soubese
*porque nós, os seres, miramos o universo como querendo
caber nel*

Prometinme deslizar neste poema o teu obxecto mariño
sen preocuparme en lembrarte, María,
sen teimar en lembrarte, María
porque non te lembro

Prometinme non revelar cal das miñas partes é metal
cal dos meus ollos de linda cosmonauta

Prometinme non revelar que es un recordo enxerto
que non te lembro, María, nin a curva da túa boca

Prometinme ser eu quen te mecese neste verso
prometinme tantas cousas, María, e todas
todas
ser saber a unha da outra, nada máis portando eu a túa
palabra no peto

Mulleres de Ciudad Juárez

Dentro deste texto... había algo

Algo que esquecín, porque o olvido é o único que dura
e somos máis o que esquecemos

Hei seguir con este texto, xa que o comecei.
Xa que come de min... Xa que o comecei.
Os teus ollos mimetizan os meus cando len isto.
Tamén aquí detiven eu.

*...en posición decúbito dorsal y vestida con pantalón de
mezclilla...*

Unhas poucas palabras que duren para sempre nunca.
Hainas da exacta duración do pestanexo que fas.
Máquina. Animal. Cromagnon de refinado sorriso
escravo dun algo que vén de máis lonxe

*...de tez morena clara, 1'75 cms... pelo castaño, ojos
grandes color café, 24 años...*

É máis duro aínda acabar poemas de circunstancias.
A memoria é un artefacto cuxa indolencia tiraniza.
Non lembraremos aquilo que paga a pena ser lembrado.
Dentro deste texto había algo que xa non está.

Localizado el cuerpo de una mujer no identificada

*...A veces, no les queda más opción que caminar solas por
lotes baldíos y caminos sin iluminación...*

A elas.
Xa as lembro.
Paríronlle fillos á adversidade. Non teñen fillos. Son virxes.
Non sei quen son.
Non lles gustaba o café.
Devecían polo café.

Durante un intre pestanexaron neste texto.
O texto acaba aquí.

novembro 2004